

Delegación de A CORUÑA
OFICINA DE GESTIÓN TRIBUTARIA
CL COMANDANTE FONTANES, 10
15003 CORUÑA A (A CORUÑA)
Tel. 981201300
Fax. 981127236

Nº de Remesa: 00009198040



9028010852 Nº Certificado: 0919804000445

CLUB DEPORTIVO ALIANZA SUDAMERICANA
CALLE RAFAEL DIESTE 8 PLANTA 4, PUERTA IZ
15009 CORUÑA (A)
CORUÑA, A

COMUNICACIÓN DE TARJETA ACREDITATIVA DEL NÚMERO DE IDENTIFICACIÓN FISCAL (NIF)

Con esta comunicación se le envía la tarjeta acreditativa de su número de identificación fiscal (NIF), que figura en la parte inferior de este documento.

Este documento tiene plena validez para acreditar su número de identificación fiscal (NIF). Asimismo, si le resulta más cómodo, puede recortar la tarjeta que figura en la parte inferior y que posee los mismos efectos acreditativos que el documento completo.

La validez de las tarjetas acreditativas del NIF puede comprobarse en la página web de la Agencia Tributaria (www.agenciatributaria.es), accediendo a: Oficina Virtual / Otros Trámites / Certificaciones tributarias / Sin certificado de usuario / Comprobación de la autenticidad de las Tarjetas de Identificación Fiscal con código electrónico.

Recuerde que debe incluir su NIF en todos los documentos de naturaleza o con trascendencia tributaria que expida como consecuencia del desarrollo de su actividad, así como en todas las autoliquidaciones, declaraciones, comunicaciones o escritos que presente ante la Administración tributaria.

CORUÑA A, 14 de Julio de 2009
La Delegada de la A.E.A.T.

Carmen de la Fuente Serrano




Agencia Tributaria
www.agenciatributaria.es

TARJETA DE IDENTIFICACIÓN FISCAL

Número de Identificación Fiscal **Definitivo**

G70217682

Denominación **CLUB DEPORTIVO ALIANZA SUDAMERICANA**

Razón Social

Anagrama Comercial:

Domicilio Social **CALLE RAFAEL DIESTE, NUM. 8**
PLANTA 4, PUERTA IZ
15009 CORUÑA (A) - (CORUÑA, A)

Domicilio Fiscal **CALLE RAFAEL DIESTE, NUM. 8**
PLANTA 4, PUERTA IZ
15009 CORUÑA (A) - (CORUÑA, A)

Administración de la AEAT **15600 A CORUÑA**


Fecha N.I.F. **Definitivo: 14-07-2009**

Código Electrónico: **1646BF97B83CE0FB**



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE
Delegación Provincial
Servizo de Deporte

Avda. de Glasgow, n.º 11
15008 - A Coruña
Tel. 981 13 24 43 - Fax 981 13 25 27



REFERENCIA: CD946A 2009/000032-1

SOLICITANTE: CLUB DEPORTIVO ALIANZA SUDAMERICANA

NOTIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN

Notifícolle que con data 12/06/2009 o Secretario Xeral para o Deporte dictou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

“Vista a solicitude e documentación presentada, e sendo conforme coa Lei 11/1997 do 22 de agosto, Xeral do Deporte de Galicia, co Decreto 216/1997 do 30 de xullo, e demais normativa aplicable, é polo que:

RESOLVO:

Ratificar os estatutos e inscribir no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia o clube deportivo **CLUB DEPORTIVO ALIANZA SUDAMERICANA** co N.º DE REXISTRO **C-10148**.

Contra esta Resolución poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano ca dictou, no prazo dun mes contado dende a data de notificación da presente resolución ou ser impugnada directamente perante recurso contencioso-administrativo ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses a contar dende a data de notificación da presente resolución.”

Así mesmo, deberán comunicar e solicitar a inscrición no Rexistro, das modificacións que se produzan con relación aos datos consignados (cambios na xunta directiva, cambio de denominación, modificación dos estatutos, enderezo social, etc.).

Achégaselle copia dos estatutos e acta fundacional, unha vez dilixenciados.

A Coruña, 12 de xuño de 2009

O XEFE DE SERVIZO




Asdo: Henrique Xoán Rodríguez Pantín

SR. PRESIDENTE DO CLUB DEPORTIVO ALIANZA SUDAMERICANA
15009-A CORUÑA

ACTA DE APROBACIÓN DOS ESTATUTOS DO/A

CLUB DEPORTIVO ALIANZA SUDAMERICANA



Don/Dona PATRICIA GOMEZ PAZ

Secretario/a do/a C. D. ALIANZA SUDAMERICANA

CERTIFICO:

Que en Asemblea Xeral deste Club Deportivo celebrada en C/ RAFAEL
DIESTE nº 8, 4720 o día 11 de JUNIO
de 2009, aprobáronse por unanimidade os Estatutos polos que se rexerá o mencionado Club.

Para que conste, asino a presente en Calle Rafael Dieste
nº 8 - 4720, a 11 de Junio de 2009.


O/A SECRETARIO/A:

V1 e P.

O/A PRESIDENTE/A

ESTATUTOS DO/A CLUB DEPORTIVO

ALIANZA SUDAMERICANA



CAPÍTULO I
NORMAS XERAIS

Artigo 1.- O/A CLUB DEPORTIVO ALIANZA SUDAMERICANA
é unha Asociación privada con personalidade xurídica e capacidade de obrar, integrada por
persoas físicas, que ten como obxecto exclusivo ou principal a práctica da actividade física e
deportiva polos asociados, así como a participación en actividades e competicións oficiais, sen
ánimo de lucro.

Artigo 2.- O/A CLUB DEPORTIVO ALIANZA SUDAMERICANA
practicará como principal modalidade deportiva a de FOOTBOL,
e solicitará a ratificación dos Estatutos e a
inscrición no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia, de conformidade coa
Lei Xeral do Deporte de Galicia.

O/A CLUB DEPORTIVO ALIANZA SUDAMERICANA
practicará así mesmo as modalidades deportivas de VOLLEY BAL, FOOTBOL,
BALONCESTO,
e para tal fin funcionarán as seccións deportivas correspondentes, sen
prexuízo de que a Asemblea Xeral poida acordar a creación doutras.

Artigo 3.- O domicilio Social fíxase en C/ RAFAEL DIESTE
nº 8 - 4º IZQ C.P. 15081
concello de A CORUÑA
provincia de A CORUÑA teléfono 881 917187 Fax _____ correo electrónico _____

O/A Presidente/a, cando as circunstancias o aconsellen, poderá acordar o cambio do
domicilio social dentro da mesma localidade. Para o traslado do domicilio a outra localidade,
que deberá ser sempre dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, será necesario
o acordo maioritario da Asemblea Xeral Extraordinaria.

En ambos os casos, o traslado de domicilio social non implicará modificación estatutaria,
e terá de ser notificado aos socios e ao Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de
Galicia.

CAPÍTULO II
CLASES DE SOCIOS, ADMISIÓN, DEREITOS E OBRIGACIÓNS

Artigo 4.- O número de socios será ilimitado. A Asemblea Xeral poderá suspender, non obstante,
a admisión de novos socios cando así o esixan razóns de aforo ou capacidade física das
instalacións. Os socios poderán ser das seguintes clases: de número, honorarios, aspirantes e
familiares.

Artigo 5.- Son socios de número todas as persoas maiores de idade que satisfagan a cota social
establecida pola Asemblea Xeral.

Os menores de 18 anos clasificaranse como socios aspirantes, tendo dereito ao uso das

instalacións sociais mediante a cota que se fixe e pasarán automaticamente a ser socios de número ao cumpriren a maioría de idade.

Serán socios honorarios aquelas persoas ás que a Asemblea Xeral confira esta distinción e terán un posto de preferencia nos actos oficiais da sociedade.

Son socios familiares todas aquelas persoas que dependan economicamente dun socio de número e convivan con el no mesmo domicilio.

Artigo 6.-

1.- Os socios de número terán os seguintes dereitos:

- a) Contribuír ao cumprimento dos fins específicos da asociación.
- b) Esixir que a Asociación se axuste ao disposto na normativa autonómica deportiva e ao establecido no presente Estatuto.
- c) Separarse libremente da Asociación.
- d) Coñecer as actividades da Asociación e examinar a súa documentación, previa petición razoada ao/á Presidente/a.
- e) Expor libremente as súas opinións no seo da Asociación.
- f) Ser elector e elixible para os órganos de representación e goberno da Asociación, sempre que teña plena capacidade de obrar.

2.- Son obrigacións dos socios de número:

- a) Aboar as cotas que esixa a Asemblea Xeral.
- b) Contribuír ao sostemento e difusión do deporte ou modalidades deportivas.
- c) Acatar cantas disposicións dicte a Asemblea Xeral, a Xunta Directiva ou o/a Presidente/a, para o bo goberno da sociedade.

3.- Os socios aspirantes terán dereito a aproveitarse dos servizos e instalacións sociais da Asociación.

4.- Os familiares dos socios de número terán dereito a aproveitarse daqueles servizos e instalacións que se determinen, previo pago da cota fixada.

Artigo 7.- Para ser admitido como socio, en calquera das súas modalidades, será necesario:

- Ter a idade sinalada para cada unha delas.
- Solicitude por escrito dirixida ao/á Presidente/a.
- Satisfacer a cota de ingreso correspondente.

Artigo 8.- A condición de socio pérdese:

- Por vontade propia.
- Por falta de pago das cotas sociais durante tres meses consecutivos, previo requerimento de pago, e consecuente Resolución do/a Presidente/a.
- Por acordo, no seu caso, do/a Presidente/a, fundado en faltas de carácter grave, previa audiencia do interesado, que haberá de ser ratificado na primeira asemblea xeral que se celebre.
- Por calquera outra causa establecida na lexislación vixente.

CAPÍTULO III
ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN E GOBERNO



Artigo 9.- Son órganos de representación e goberno do Club a Asemblea Xeral e o/a Presidente/a.

Artigo 10.- O/A Presidente/a é o órgano executivo do Club, posúe a representación legal, convoca e preside os órganos de representación e goberno, executando os acordos destes.

O cargo de Presidente/a é a título gratuito e carente de interese nos resultados económicos da explotación, por si mesmo ou a través de persoa interposta.

Será elixido mediante sufraxio libre, directo, igual e secreto por e entre os membros da Asemblea Xeral, cada 4 anos.

Artigo 11.- O/A Presidente/a cesará por:

- a) Transcorrer o prazo polo que foi elixido/a.
- b) Demisión.
- c) Falecemento ou incapacidade física ou psíquica para continuar no exercicio do seu cargo.
- d) Aprobación dunha moción de censura pola Asemblea Xeral.
- e) Inhabilitación por sentenza xudicial firme ou sanción deportiva.

Artigo 12.-

1.- Como órgano complementario dos de goberno e representación haberá unha Xunta Directiva que actuará como órgano colexiado de xestión do Club, e exercerá as funcións que este estatuto lle confire.

2.- Os membros da Xunta Directiva serán designados e revocados libremente polo presidente, debendo dar conta diso na primeira Asemblea Xeral que se celebre. Da mesma formarán parte un secretario e un tesoureiro. Todos os cargos serán gratuitos e carecen de interese nos resultados económicos do Club por si mesmos ou persoa interposta.

Artigo 13.-

1.- A Xunta Directiva quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando concorran a ela a maioría dos seus membros. En segunda convocatoria será suficiente a concorrencia, polo menos, de tres dos seus membros, e, en todo caso, do/a Presidente/a.

2.- A Xunta Directiva convocarase polo/a Presidente/a con dous días de antelación como mínimo á data de celebración.

A Xunta Directiva quedará tamén validamente constituída cando estean presentes todos os seus membros, aínda que non tivese mediado convocatoria previa.

3.- En especial corresponde á Xunta Directiva:

- a) Dirixir a xestión do Club, velando polo cumprimento do seu obxecto social.
- b) Formular o inventario, memoria e presuposto anual, que se someterá a aprobación da Asemblea Xeral.
- c) Aplicar todas as medidas deportivas, económicas e administrativas precisas para o fomento e desenvolvemento do deporte dentro do Club.

Artigo 14.- O/A Secretario/a da Xunta Directiva coidará do arquivo e da documentación, redactará cantos documentos afecten á marcha administrativa da Asociación e levará o Libro de rexistro de socios e o Libro de Actas.



Artigo 15.-

1.- O/A Tesoureiro/a da Xunta Directiva será o depositario da Asociación, asinará os recibos, autorizará os pagos e levará os Libros de Contabilidade.

2.- Será obriga do/a Tesoureiro/a formalizar, durante o primeiro mes de cada ano, un balance de situación e as contas de ingresos e gastos, que se porán en coñecemento de todos os asociados.

Artigo 16.-

1.- A Asemblea Xeral é o órgano supremo do goberno do Club e estará integrada por todos os seus socios de número.

2.- As Asembleas Xerais, tanto Ordinarias como Extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela, presentes ou representados, a maioría dos seus asociados. En segunda e última convocatoria, media hora máis tarde, quedará constituída calquera que sexa o número de membros presentes. Entre a data de convocatoria e o día sinalado para a súa celebración terán de mediar, como mínimo, dez días naturais e non poderá transcorrer máis de 20.

Artigo 17.- A Asemblea Xeral convocarase polo/a Presidente/a a iniciativa propia ou do vintecinco por cento, polo menos, dos socios de número.

1.- A Asemblea Xeral reunirse con carácter ordinario, previa convocatoria do/a Presidente/a, polo menos unha vez ao ano para tratar das seguintes cuestións:

- a) Memoria, liquidación do presuposto, balance do exercicio, rendición de contas e aprobación, se procede.
- b) Presuposto para o seguinte exercicio.
- c) Proxecto e propostas do/a Presidente/a ou da Xunta Directiva.
- d) Propositions que formulen os socios e que terán de ir asinadas polo menos polo cinco por cento dos mesmos.

2.- Terá de se celebrar Asemblea Xeral extraordinaria para a modificación de Estatutos, elección do/a Presidente/a, toma de cartos a préstamo, emisión de títulos representativos de débeda ou de parte alicuota patrimonial, alleamento de bens inmoables e fixación de cotas dos socios, e calquera outro acordo previsto nestes estatutos ou que se estime oportuno polo/a Presidente/a ou proceda legalmente.

Artigo 18.- Os acordos da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva adoptaranse por maioría simple dos presentes, serán vinculantes e de obrigado cumprimento e terán forza executiva a partir da data da súa adopción, sen prexuízo, por razón da materia, da posibilidade da súa impugnación perante os órganos competentes e da Federación Galega Deportiva da modalidade ou perante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

CAPÍTULO IV RÉXIME DOCUMENTAL



Artigo 19.- O réxime documental do Club constará dos seguintes libros: Rexistro de Socios, de Actas e Contables.

Artigo 20.- No libro de Rexistro de Socios terán que constar os nomes e apelidos dos socios de número, o seu Documento Nacional de Identidade e, no seu caso, os cargos de representación, goberno e administración que exerzan no Club. Tamén se han especificar as datas de altas e baixas, e as de toma de posesión e cese nos cargos aludidos.

Artigo 21.- No libro de Actas consignaranse as reunións que celebre a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, con expresión da data, asistentes, asuntos tratados e acordos adoptados. As Actas terán que estar asinadas, en todo caso, polo/a Presidente/a e o/a Secretario/a.

Artigo 22.- Nos Libros de Contabilidade figurarán tanto o patrimonio como os dereitos e obrigacións, e ingresos e gastos do Club, debéndose precisar a procedencia daqueles e a inversión ou destino destes.

CAPÍTULO V RÉXIME DISCIPLINARIO

Artigo 23.- Os órganos e socios do Club estarán sometidos ao regulamento disciplinario do Club e ao disposto no Título VII da Lei 11/1997 Xeral do Deporte de Galicia e normativa do seu desenvolvemento.

Artigo 24.- Así mesmo, o/a Presidente/a e os membros da Xunta Directiva responderán fronte os socios, o Club ou terceiros dos prexuízos que ocasionaren por culpa ou negligencia grave, de conformidade coa regulamentación propia do Club e o Ordenamento Xurídico vixente.

CAPÍTULO VI RÉXIME ECONÓMICO-FINANCIERO E PATRIMONIAL

Artigo 25.-

1.- No momento da creación do Club, o patrimonio fundacional é: _____, e dispón das seguintes instalacións e locais propios: _____

2.- No futuro o patrimonio do Club estará integrado por:

- a) As aportacións económicas dos socios que aprobe a Asemblea Xeral.
- b) As doazóns e subvencións que reciba.
- c) Os resultados económicos que poden producir as manifestacións físico-deportivas que organice a entidade.
- d) As rendas, froitos e intereses do seu patrimonio.

Queda expresamente excluído como fin do Club o ánimo de lucro e a totalidade de seus ingresos e beneficios aplicaranse ao cumprimento dos seus fins sociais.

Artigo 26.- O Club poderá gravar e allear bens, mobles e inmobles, tomar diñeiro a préstamo e emitir títulos transmisibles representativos de débeda ou parte alicuota patrimonial, sempre que cumbran os seguintes requisitos:

1.- Que se autoricen tales operacións por maioría de dous tercios dos socios presentes ou representados na Asemblea Xeral Extraordinaria.

2.- Que ditos actos non comprometan de modo irreversible o patrimonio da Entidade ou a actividade físico-deportiva que constitúa o seu obxecto social. Para a adecuada xustificación deste extremo poderase esixir, sempre que o soliciten como mínimo o cinco por cento dos socios de número, o oportuno dictame económico-actuarial.

3.- Cando se trate de gravar ou allear bens, mobles e inmobles, que foran financiados, en todo ou parte, con Fondos Públicos da Comunidade Autónoma, será preceptiva a autorización previa do órgano competente da Xunta de Galicia.

Artigo 27.- O Club poderá emitir títulos de débeda ou de parte alicuota patrimonial, que serán nominativos.

Os títulos inscribiranse nun libro que levará ó efecto o Club, no que se anotarán as sucesivas transferencias.

En todos os títulos constará o valor nominal, a data de emisión, e, no seu caso, o interese e prazo de amortización.

Artigo 28.- Os títulos de débeda só se poderán subscribir polos asociados, e a súa posesión non conferirá dereito algún especial ós socios, agás a percepción dos intereses establecidos conforme á lexislación vixente.

Artigo 29.- Os títulos de parte alicuota patrimonial han ser, asemade, subscritos polos asociados. En ningún caso estes títulos darán dereito á percepción de dividendos ou beneficios.

Artigo 30.- Os títulos de débeda e parte alicuota patrimonial serán transferidos unicamente entre os que teñan a condición de socios.

CAPÍTULO VII **REFORMA DOS ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DO CLUB**

Artigo 31.- Os presentes Estatutos só se poderán modificar, reformar ou derogar, por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria convocada a tal efecto, mediante votación favorable dos dous tercios dos socios de número asistentes.

A reforma destes estatutos seguirá, con respecto ó Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia, os mesmos trámites administrativos que para a súa inscrición.

Artigo 32.- O Club extinguirase ou disolverase por:

a) Acordo de dous tercios dos socios en Asemblea Xeral Extraordinaria, convocada ao efecto.

b) Sentencia xudicial.

c) Outras causas legalmente determinadas.

En todo caso haberá de ser notificado ao Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia.

Artigo 33.- Disolto o Club, o remanente do seu patrimonio social, se houbese, aplicarase a fins análogos de carácter deportivo, ben por acordo previo da Asemblea Xeral ou subsidiariamente polo órgano competente en materia de deporte da Xunta de Galicia.

DILIXENCIA: Para facer constar que os presentes estatutos do club
DEPORTIVO ALIANZA SUDAMERICANA
foron ratificados e inscritos co n.º 10.148 no Rexistro de
Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia, de conformidade
co disposto na lei 11/1997, de 22 de Agosto, xeral do deporte de
Galicia (DOG 4/09/97).

de 12 JUN. 2009 de
O/A FUNCIONARIO/A,



José Antonio Sánchez Mariu
Asdo.: José Antonio

